



Vixilancia sanitaria das zonas de baño de Galicia

Que se entende por auga de baño?

As augas de baño defínense como calquera elemento de augas superficiais onde se prevexa que poidan bañarse un número importante de persoas ou exista unha actividade próxima relacionada directamente co baño e no que non exista unha prohibición permanente de baño nin se formulase unha recomendación permanente de absterse deste e onde non exista perigo obxectivo para o público.

Estas augas de baño están incluídas no censo oficial de zonas de baño e contrólanse desde a Consellería de Sanidade.

Como se fai a vixilancia sanitaria?

A vixilancia sanitaria das zonas de baño lévase a cabo mediante a inspección e mostraxe periódica da auga das zonas de baño incluídas no censo realizada polo corpo de farmacéuticos inspectores de saúde pública durante a tempada de baño, que se establece dende o 1 de xuño ata o 30 de setembro, agás nalgunhas zonas de baño con características especiais. Nestas mostrax, analízanse os parámetros microbiolóxicos *Escherichia coli* e enterocos intestinais no Laboratorio de Saúde Pública de Galicia.

Se nunha mostraxe dun control puntual se atopan valores superiores a 1000 UFC/100 mL de calquera dos parámetros microbiolóxicos analizados, e se considera que existe un episodio de contaminación, comunícanse inmediatamente ao concello implicado para que adopte as medidas oportunas e lévase a cabo unha nova mostraxe coa maior brevidade posible. Mentres dure o episodio, recoméndase non bañarse nesta zona de baño.



Como se calcula a clasificación sanitaria anual?

Ao final da tempada de baño, cos datos obtidos nesa tempada o cos resultados das tres tempadas de baño anteriores, calcúlase a clasificación sanitaria da auga de baño que pode ser **excelente, boa, suficiente e insuficiente**. Esta clasificación establécese, mediante un sistema de cálculo que se describe na lexislación vixente^[1], ao final da tempada de baño e aplícase na seguinte tempada.

Recoméndase non bañarse nas augas de baño con clasificación sanitaria insuficiente.

Praias con clasificación sanitaria insuficiente

A lexislación vixente indica que nas praias con clasificación sanitaria insuficiente deberán adoptarse medidas de xestión adecuadas que incluírán a prohibición do baño ou a recomendación de absterse deste, para evitar a exposición dos bañistas á contaminación^[2].

Para saber máis

<http://www.sergas.es/Saude-publica/Praias>

^[1] Lexislación vixente nesta materia: Directiva 2006/7/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de febreiro de 2006, relativa á xestión da calidade das augas de baño e pola que se derroga a Directiva 76/160/CEE e o Real decreto 1341/2007, do 11 de outubro, sobre a xestión da calidade das augas de baño.

^[2] Artigo 5.4 da Directiva 2006/7/CE e artigo 12.3 do Real decreto 1341/2007.